

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

**3308** *Real decreto 136/2021, do 2 de marzo, polo que se aproban os Estatutos do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Industrial.*

A Real orde do 28 de febreiro de 1927 constituíu o Colexio de Axentes da Propiedade Industrial e Comercial e aprobou o seu regulamento. Mediante o Real decreto 278/2000, do 25 de febreiro, aprobáronse os ata a data vixentes estatutos do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Industrial (COAPI), en cumprimento da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, foi modificada ao longo destes anos para adaptar a regulación dos colexios oficiais ao sistema lexislativo e recoller distintas medidas liberalizadoras neste sector. En concreto, o marco regulador dos colexios profesionais viuse axustado pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (Directiva de servizos), que foi incorporada ao dereito interno mediante a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (Lei paraugas), e a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (Lei ómnibus).

Adicionalmente, publicáronse neste período de vixencia a Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais; a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia; a Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, e a Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes, que obrigan tamén o COAPI a revisar o seu réxime xurídico.

Co fin de adaptarse á vixente normativa da Unión Europea e española, así como de mellorar o funcionamento desta corporación pública, a Xunta Xeral do COAPI acordou un novo proxecto de estatutos que foron remitidos ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para os efectos da súa aprobación polo Goberno, de acordo co previsto no artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro.

Estes novos estatutos reforzan as garantías de colexiados e consumidores, e réxense polos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, recollidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De acordo co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, este real decreto adecúase aos principios de boa regulación.

O texto cumpre cos principios de necesidade e eficacia, ao adaptar a normativa interna colexial aos cambios lexislativos operados desde a aprobación dos vixentes estatutos, tal e como se expuxo nos parágrafos precedentes.

Para cumprir co principio de proporcionalidade, o texto contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se van cubrir, sen que exista outra alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos.

O principio de seguridade xurídica queda garantido pola coherencia do texto co ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea. Ademais, para reforzar este principio, en lugar de realizar modificacións puntuais optouse por elaborar un novo texto que substitúa o vixente.

Tamén é acorde co principio de eficacia, posto que non introduce cargas administrativas e garante a racionalización dos recursos públicos, e tamén se cumpre co principio de transparencia, xa que na elaboración da norma se seguiron todos os procesos de participación e audiencia que establece a normativa vixente.

O real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para regular as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Industria, Comercio e Turismo, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de marzo de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación estatutos.*

Apróbanse os estatutos do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Industrial que figuran a continuación deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 278/2000, do 25 de febreiro, polo que se aprobaron os estatutos do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Industrial.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Competencias autonómicas.*

A regulación contida nos estatutos do Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Industrial entenderase sen prexuízo das competencias que en materia de colexios profesionais correspondan ás comunidades autónomas conforme a súa lexislación propia.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de marzo de 2021.

FELIPE R.

A ministra de Industria, Comercio e Turismo  
MARÍA REYES MAROTO ILLERA

## ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE AXENTES DA PROPIEDAD INDUSTRIAL

### ÍNDICE

#### Capítulo I. Normas xerais.

- Artigo 1. Natureza, ámbito e competencia do Colexio.
- Artigo 2. Composición do Colexio.
- Artigo 3. Identificación dos colexiados e colexiadas.
- Artigo 4. Perda da condición de colexiado e colexiada.

#### Capítulo II. Dos fins e funcións do Colexio.

- Artigo 5. Fins.
- Artigo 6. Funcións.
- Artigo 7. Portelo único.

#### Capítulo III. Dereitos e obrigacións dos colexiados e colexiadas.

- Artigo 8. Dereitos e obrigacións.
- Artigo 9. Procedemento de arbitraje.

#### Capítulo IV. Da organización do Colexio.

##### Sección 1.<sup>a</sup> Dos órganos de goberno en xeral.

- Artigo 10. Órganos de goberno do Colexio e réxime xurídico dos seus actos.

##### Sección 2.<sup>a</sup> Da Xunta Xeral.

- Artigo 11. Carácter, composición e competencias.
- Artigo 12. Xuntas xerais ordinarias e extraordinarias.
- Artigo 13. Representación na Xunta Xeral.
- Artigo 14. Convocatoria.
- Artigo 15. Constitución.
- Artigo 16. Contido da Xunta.
- Artigo 17. Formulación de proposicións.
- Artigo 18. Admisión de proposicións.
- Artigo 19. Orde dos debates.
- Artigo 20. Intervención para rectificacións e alusións.
- Artigo 21. Acta.

##### Sección 3.<sup>a</sup> Das xuntas xerais ordinarias.

- Artigo 22. Xunta xeral ordinaria.
- Artigo 23. Memoria anual.

##### Sección 4.<sup>a</sup> Da Xunta Directiva do Colexio.

- Artigo 24. Composición.
- Artigo 25. Réxime de substitucións.
- Artigo 26. Das funcións da Xunta Directiva.

##### Sección 5.<sup>a</sup> Das atribucións dos cargos da Xunta Directiva.

- Artigo 27. Funcións do presidente ou presidenta.
- Artigo 28. Funcións do vicepresidente ou vicepresidenta.
- Artigo 29. Funcións do contador ou contadora.
- Artigo 30. Funcións do tesoureiro ou tesoureira.
- Artigo 31. Funcións do secretario ou secretaria.

- Sección 6.<sup>a</sup> Da elección dos cargos colexiais.
- Artigo 32. Requisitos xerais.
  - Artigo 33. Duración dos cargos. Reelección.
  - Artigo 34. Convocatoria electoral.
  - Artigo 35. Candidaturas.
  - Artigo 36. Procedemento electoral.
  - Artigo 37. Escrutinio, proclamación do resultado das votacións e toma de posesión dos elixidos.
- Capítulo V. Do réxime económico do Colexio.
- Artigo 38. Recursos económicos.
  - Artigo 39. Cotas.
- Capítulo VI. Da publicidade.
- Artigo 40. Licitude da publicidade.
- Capítulo VII. Dos honorarios.
- Artigo 41. Fixación libre dos honorarios.
  - Artigo 42. Informes sobre honorarios.
- Capítulo VIII. Do réxime disciplinario.
- Artigo 43. Da responsabilidade disciplinaria.
  - Artigo 44. Do órgano competente para exixila. Recursos.
  - Artigo 45. Bases do procedemento disciplinario.
  - Artigo 46. Das sancións.
  - Artigo 47. Faltas disciplinarias moi graves.
  - Artigo 48. Faltas disciplinarias graves.
  - Artigo 49. Faltas disciplinarias leves.
  - Artigo 50. Rexistro e cancelación de sancións.
  - Artigo 51. Competencia disciplinaria en canto a membros da Xunta Directiva.
- Capítulo IX. Da modificación de estatutos.
- Artigo 52. Procedemento para a modificación de estatutos.
- Capítulo X. Regras de organización e funcionamento.
- Artigo 53. Da Xunta Xeral.
  - Artigo 54. Da Xunta Directiva.
  - Artigo 55. Das cotas colexiais.
  - Artigo 56. Das altas, baixas e rexistro de colexiados e colexiadas.
  - Artigo 57. Dos informes colexiais.
  - Artigo 58. Dos peritos e peritas xudiciais.
- Capítulo XI. Código de conduta.
- Artigo 59. Disposicións xerais.
  - Artigo 60. Da publicidade.
  - Artigo 61. Relacións co público.
  - Artigo 62. Relacións cos clientes e clientas.
  - Artigo 63. Relacións con outros colexiados e colexiadas.
  - Artigo 64. Relacións coa Oficina Española de Patentes e Marcas e oficinas internacionais relacionadas coa propiedade industrial.
  - Artigo 65. Relacións co COAPI.

## CAPÍTULO I

## Normas xerais

Artigo 1. *Natureza, ámbito e competencia do Colexio.*

1. O Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Industrial é unha corporación de dereito público amparada pola lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Ten competencia sobre os seus colexiados e colexiadas en todo o territorio nacional. O Colexio ten o seu domicilio e sede na rúa Montera, 13, de Madrid.

2. Réxese polo disposto na Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, pola Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, e polo presente estatuto, conforme o previsto na citada lexislación de colexios profesionais, así como pola lexislación xeral sobre propiedade industrial.

3. Os acordos, decisións e recomendacións do Colexio observarán os límites da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia recollidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. O Colexio relaciónase coa Administración a través da Oficina Española de Patentes e Marcas e do departamento ministerial correspondente do cal dependa a dita oficina.

Artigo 2. *Composición do Colexio.*

1. O Colexio estará integrado polos axentes da propiedade industrial, os cales terán que estar incorporados a el para o exercicio da dita profesión cando así o dispoña unha lei estatal. A colexiación considérase unha medida que contribúe a un exercicio leal, honesto, transparente e respectuoso coas normas e cos usos e costumes da profesión de axente da propiedade industrial, como consecuencia da aceptación e o respecto aos presentes estatutos e ao código de conduta, que forma parte deles.

2. Os axentes da propiedade industrial son as persoas legalmente habilitadas que, como profesionais liberais, ofrecen e prestan habitualmente os seus servizos para asesorar, asistir e representar terceiros na obtención das diversas modalidades de propiedade industrial e na defensa ante a Oficina Española de Patentes e Marcas dos dereitos derivados delas. Os axentes poderán exercer a súa actividade individualmente ou a través de persoas xurídicas validamente constituídas de conformidade coa lexislación dun Estado membro da Unión Europea, e cuxa sede social ou centro de actividade principal se encontre en territorio comunitario. Para estes efectos, o Colexio contará cun rexistro de sociedades profesionais, tal e como dispón a Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais.

3. Quen teña a titulación requirida e reúna as condicións sinaladas estatutariamente terá dereito a ser admitido no Colexio.

4. No caso de desprazamento temporal dun profesional doutro Estado membro da Unión Europea, observárase o disposto na normativa vixente en aplicación do dereito da Unión Europea relativa ao recoñecemento de cualificacións e, en concreto, o regulado polo Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI), ou, na súa falta, a norma ou normas que resulten de aplicación ou que poidan no futuro substituír as citadas.

5. Poderán ser nomeados Colexiados e Colexiadas de honra aquelas persoas físicas que se fixesen acreedoras desta distinción extraordinaria.

### Artigo 3. *Identificación dos Colexiados e Colexiadas.*

Expedirase a cada Colexiado e Colexiada a súa tarxeta de identidade correspondente, autorizada polo presidente ou a presidenta e o secretario ou a secretaria, e selada polo Colexio, que acreditará a condición de membro do seu titular.

A identificación como axente da propiedade industrial Colexiado e Colexiada farase constar en toda a correspondencia, comunicacións e publicidade.

Para tal fin, o Colexio poderá deseñar un logotipo ou signo específico que poderá ser usado polos axentes Colexiados e Colexiadas conforme as normas de uso que se aproben nese momento.

### Artigo 4. *Perda da condición de Colexiado e Colexiada.*

Perderase a condición de Colexiado e Colexiada:

- a) Por perda da condición de axente da propiedade industrial inscrito no Rexistro Especial da Oficina Española de Patentes e Marcas.
- b) Cando, en virtude de sentenza firme, o Colexiado e a Colexiada quede inhabilitado para o exercicio da profesión.
- c) Por sanción disciplinaria firme que comporte a expulsión do Colexio.
- d) Por petición propia, solicitada por calquera medio que acredite a autenticidade da comunicación e a súa recepción.
- e) Por falta de pagamento íntegro das cotas ordinarias ou extraordinarias e das demais cargas Colexiais a que veñan estatutariamente obrigados, por dous anos consecutivos. Antes de acordarse a perda da condición de Colexiado e Colexiada por este motivo, ofrecerase un prazo de dez días para a emenda da situación de falta de pagamento.
- f) Por falecemento.

## CAPÍTULO II

### **Dos fins e funcións do Colexio**

### Artigo 5. *Fins.*

O Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Industrial terá como fins os seguintes:

- a) Ordenar o exercicio profesional dos seus Colexiados e Colexiadas.
- b) Representar e defender os intereses dos Colexiados e Colexiadas.
- c) Velar pola ética e dignidade profesional e polo correcto exercicio das funcións dos seus Colexiados e Colexiadas.
- d) Procurar con todos os medios ao seu alcance a permanente mellora das actividades profesionais dos axentes da propiedade industrial, propoñendo á Administración as medidas que sexan necesarias para a actualización e modernización das ditas actividades.
- e) Colaborar coas administracións públicas e institucións, prestando os servizos e realizando as actividades que, dentro do ámbito da súa competencia, lle sexan propias tanto en interese das administracións públicas, sexan nacionais, comunitarias ou internacionais, como en interese dos axentes e dos particulares, con especial atención aos consumidores e consumidoras.
- f) Promover as actividades de previsión e de cobertura da responsabilidade civil que os Colexiados e Colexiadas aproben de acordo coas normas vixentes.
- g) Cantos outros fins redunden en beneficio dos intereses profesionais dos Colexiados e Colexiadas.

h) Protexer os intereses dos consumidores e consumidoras, e usuarios e usuarias, en relación cos servizos prestados polos seus colexiados e colexiadas.

#### Artigo 6. *Funcións.*

Ao servizo dos indicados fins, o Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Industrial cumprirá as seguintes funciós:

a) Desempeñar, no seu ámbito, a representación e defensa da profesión ante as administracións, institucións, tribunais, entidades e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios afecten os intereses profesionais, e exercer o dereito de petición conforme a lei.

b) Exercer a facultade disciplinaria no ámbito das súas competencias.

c) Formular cantas consultas considere necesarias sobre a aplicación das leis en relación coas funciós encomendadas aos axentes da propiedade industrial.

d) Cooperar coa Administración, cando así lle sexa solicitado, na elaboración e preparación de normas e disposicións de interese para a profesión e, no posible, difundir entre os colexiados e as colexiadas as normas, disposicións e documentos de interese profesional que procedan da Administración ou dos órganos internacionais, e promover o cumprimento e a aplicación dos seus contidos no que lle poida corresponder.

e) Participar en congresos e organizacións nacionais ou internacionais, e organizar o que lle corresponda ou lle encomende a Administración.

f) Resolver, conforme o establecido no artigo 9 deste estatuto, as cuestións que, por motivos profesionais, se susciten entre os colexiados e colexiadas e que estes lle sometan a arbitraje.

g) Facilitar aos tribunais, conforme as leis, a relación de colexiados e colexiadas que poidan ser requiridos para intervir como peritos e peritas nos asuntos xudiciais, segundo se establece nas regras de organización e funcionamento do capítulo X destes estatutos.

h) Organizar, fomentar e promover as actividades culturais e de formación dos profesionais en materia da súa competencia e levar a cabo o desenvolvemento dos estudos sobre as materias de propiedade industrial que correspondan.

i) Propoñer ás administracións as reformas ou innovacións normativas que entenda pertinentes en materia de propiedade industrial para o mellor exercicio dos dereitos de inventores e inventoras, industriais, comerciantes, e cidadáns e cidadás en xeral.

j) Velar para que sexa debidamente respectada a profesión de «axente da propiedade industrial» e exercer as pertinentes accións para impedir que terceiros fagan uso da súa denominación ou doutras equivalentes ou confundibles con ela.

k) Adoptar cantas medidas estean ao seu alcance para evitar a intrusión profesional.

l) Constituír ou participar en fundacións de carácter cultural, xurídico ou social relacionadas cos fins propios da profesión ou do Colexio.

m) Organizar, conforme estes estatutos, os diferentes servizos colexiais, ou os que a normativa vixente en cada caso lle encomende ou estableza, e cumprir os fins propios deles.

n) Adoptar toda clase de medidas que redunden en beneficio da protección dos intereses dos consumidores e consumidoras, e usuarios e usuarias, en relación cos servizos que prestan os seus colexiados e colexiadas.

ñ) Atender queixas ou reclamacións presentadas polos colexiados e as colexiadas.

o) Dispoñer dun servizo de atención aos consumidores e consumidoras, ou usuarios e usuarias, para recibir cantas queixas e reclamacións se refiran á actividade profesional ou colexial dos colexiados e as colexiadas, que presente calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais dun colexiado e colexiada, así como asociacións e organizacións de consumidores e consumidoras, e usuarios e usuarias, na súa representación ou en defensa dos seus intereses.

p) A través do servizo indicado na alínea o) anterior, resolverase sobre a queixa ou reclamación, segundo proceda, ben informando sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos, remitindo o expediente aos órganos colexiais competentes para instruír os

oportunos expedientes informativos ou disciplinarios, arquivando ou ben adoptando calquera outra decisión conforme dereito.

q) Atender as solicitudes de información sobre os seus colexiados e colexiadas e sobre as sancións firmes impostas a eles, así como as peticións de inspección ou investigación que lles formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, no que se refire a que as solicitudes de información e de realización de controis, inspeccións e investigacións estean debidamente motivadas e que a información obtida se empregue unicamente para a finalidade para a cal se solicitou.

#### Artigo 7. *Portelo único.*

1. O Colexio dispoñerá dunha páxina web para que, a través do portelo único previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, os colexiados e as colexiadas poidan realizar todos os trámites necesarios para a colexiación, o seu exercicio e a súa baixa no Colexio, a través dun único punto, por vía electrónica e a distancia.

A través deste portelo único, os colexiados e as colexiadas poderán, de forma gratuíta:

- a) Obter toda a información e formularios necesarios para o acceso á actividade profesional de axente da propiedade industrial e o seu exercicio.
- b) Presentar toda a documentación e solicitudes necesarias, incluída a da colexiación.
- c) Coñecer o estado de tramitación do procedemento en que teña a consideración de interesado e recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a súa resolución por parte do Colexio, incluída a notificación dos expedientes disciplinarios cando non for posible por outros medios.
- d) Ser convocados ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias e coñecer a actividade pública e privada do colexio profesional.

2. Así mesmo, a través do referido portelo único e para a mellor defensa dos dereitos dos consumidores e consumidoras, e usuarios e usuarias, o Colexio ofrecerá a seguinte información, que terá que ser clara, inequívoca e gratuíta:

- a) O acceso ao Rexistro de Colexiados e Colexiadas, que estará permanentemente actualizado e en que constarán, polo menos, os seguintes datos: nome e apelidos dos profesionais colexiados e colexiadas, número de colexiación, títulos oficiais dos cales estean en posesión, domicilio profesional e situación de habilitación profesional.
- b) O acceso ao Rexistro de Sociedades Profesionais e/ou Despachos Profesionais, que terá o contido descrito no artigo 8 da Lei 2/2007, do 5 de marzo, de sociedades profesionais.
- c) As vías de reclamación e os recursos que se poderán interpoñer en caso de conflito entre o consumidor ou usuario e un colexiado e unha colexiada ou o Colexio.
- d) Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e consumidoras, e usuarios e usuarias, ás cales os destinatarios dos servizos profesionais se poden dirixir para obteren asistencia.
- e) O contido do código de conduta do Colexio.



## CAPÍTULO III

**Dereitos e obrigacións dos colexiados e colexiadas***Artigo 8. Dereitos e obrigacións.*

Os axentes da propiedade industrial colexiados e colexiadas terán, en canto membros do seu colexio profesional, os seguintes dereitos e obrigacións:

## 1. Dereitos:

- a) Participar na xestión corporativa e exercer o dereito de voto e o de acceso aos cargos colexiais.
- b) Solicitar e obter do Colexio protección e amparo para o exercicio das súas funcións.
- c) Participar e beneficiarse das actividades e servizos propios do Colexio.
- d) Calquera outro recoñecido nestes estatutos ou na lexislación vixente.

## 2. Obrigacións:

- a) Cumprir o disposto nestes estatutos, incluídas as disposicións relativas ás súas regras de réxime interior e código de conduta.
- b) Desempeñar as funcións propias da profesión fiel, leal e legalmente, gardar o segredo profesional, non representar intereses contrapostos e despregar a debida dilixencia no exercicio das funcións profesionais. A conduta en materia de comunicacións comerciais deberá axustarse ao disposto na lei, coa finalidade de salvagardar a independencia e integridade da profesión, así como o segredo profesional.
- c) Cumprir as decisións dos órganos colexiais adoptados no ámbito das súas respectivas competencias.
- d) Gardar a debida consideración cos restantes colexiados e colexiadas.
- e) Estar ao día no pagamento das cotas ordinarias ou extraordinarias que fosen establecidas conforme estes estatutos e demais disposicións de carácter xeral.
- f) Sinalar un domicilio profesional nun Estado membro da Unión Europea que servirá de referencia para todas as comunicacións colexiais, e notificar puntualmente os cambios de domicilio, datos ou outros medios de comunicación.
- g) Comunicar ao Colexio o exercicio profesional a través de formas societarias ou asociativas ou de calquera outra facendo constar os datos identificativos da firma e os socios e socias axentes da propiedade industrial. Ademais, deberá facerse constar de forma expresa, mesmo no caso de exercer a través de formas societarias, asociativas ou de calquera outro carácter, na correspondencia, comunicacións e publicidade, o propio nome do colexiado e colexiada, seguido da indicación da súa condición de axente da propiedade industrial.
- h) Nos casos de substitución dun axente por outro, aquel que tome o cargo deberá comunicar esa substitución á Administración ante a cal estea actuando.

*Artigo 9. Procedemento de arbitraje.*

As cuestións que, por motivos profesionais, acorden someter os axentes da propiedade industrial colexiados e colexiadas á arbitraje dos órganos colexiados tramitaranse conforme as normas da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.

## CAPÍTULO IV

**Da organización do Colexio***Sección 1.<sup>a</sup> Dos órganos de goberno en xeral*

Artigo 10. *Órganos de goberno do Colexio e réxime xurídico dos seus actos.*

1. O Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Industrial estará rexido polos seguintes órganos de goberno:

- a) A Xunta Xeral.
- b) A Xunta Directiva.

2. Os actos emanados dos órganos colexiais, en canto estean suxeitos ao dereito administrativo, serán directamente impugnables ante os órganos correspondentes da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición.

*Sección 2.<sup>a</sup> Da Xunta Xeral*

Artigo 11. *Carácter, composición e competencias.*

1. A Xunta Xeral é o supremo órgano de expresión da vontade colexial. Terán dereito a participar na Xunta Xeral, con voz e voto, todos os colexiados e colexiadas que se encontren no exercicio dos seus dereitos corporativos e estean ao día no cumprimento das súas obrigacións económicas.

Os seus acordos obrigan a todos os membros do Colexio, mesmo aqueles que votasen en contra e os que os impugnasen, sen prexuízo do que resulte dos recursos.

2. Corresponde á Xunta Xeral:

- a) O coñecemento e, se for o caso, a aprobación da memoria anual correspondente ao exercicio anterior elevada pola Xunta Directiva.
- b) O coñecemento e, se for o caso, a aprobación da rendición de contas sometidas pola Xunta Directiva.
- c) A aprobación, se for o caso, do orzamento de gastos e ingresos proposto pola Xunta Directiva.
- d) A elección de cargos vacantes na Xunta Directiva e daqueles que corresponda renovar por expiración do mandato.
- e) A aprobación das cotas extraordinarias dos axentes colexiados e colexiadas.
- f) A aprobación de adquisicións ou alleamentos patrimoniais.
- g) A aprobación dos proxectos de reformas dos presentes estatutos.
- h) A deliberación e decisión de cantos asuntos lle sexan sometidos, sempre que figuren na orde do día, xa o sexan por proposta da Xunta Directiva, xa dos colexiados e colexiadas nos termos establecidos nos presentes estatutos.

Artigo 12. *Xuntas xerais ordinarias e extraordinarias.*

A Xunta Xeral celebrará unha reunión ordinaria no primeiro trimestre de cada ano e as extraordinarias que acorde a Directiva, por si ou por petición escrita da cuarta parte dos colexiados e colexiadas.

Na solicitude de convocatoria de xunta xeral extraordinaria deberá expresarse o obxecto ou os fins que motivan a solicitude.

Artigo 13. *Representación na Xunta Xeral.*

Todos os colexiados e colexiadas poderán conferir a súa representación a outro colexiado e colexiada asistente á xunta xeral; a súa representación constará por escrito e, logo da verificación polo secretario ou secretaria, quedará unida á acta da sesión.

Ningún colexiado nin colexiada poderá ter máis de cinco representacións en cada sesión, ademais de actuar no seu propio nome e dereito.

#### Artigo 14. *Convocatoria.*

As xuntas xerais, tanto as ordinarias como as extraordinarias, convocaranse mediante citación escrita, cursada por calquera medio válido en dereito, ao enderezo profesional do colexiado ou colexiada que conste consignado nos arquivos do Colexio, con polo menos quince días de anticipación ao da súa realización.

A convocatoria expresará a orde do día dos asuntos que se vaian tratar na sesión, así como o lugar, o día e a hora da súa realización.

En casos de urxencia, ao xuízo do presidente ou presidenta, as citacións faranse coa antelación e rapidez posibles e, en todo caso, cun mínimo de corenta e oito horas.

#### Artigo 15. *Constitución.*

As xuntas xerais, tanto as ordinarias como as extraordinarias, declararanse constituídas calquera que sexa o número das persoas concorrentes e representadas, e os seus acordos adoptaranse por maioría de votos presentes e representados, salvo que a lei ou os estatutos exixan un quórum especial.

O presidente ou a presidenta da Xunta Xeral, que será o que o sexa da Directiva, dirixirá os debates, dará e retirará a palabra e decidirá a forma das votacións e dos recontos.

#### Artigo 16. *Contido da Xunta.*

A Xunta Xeral é soberana para tomar cantos acordos considere convenientes sempre que se trate de asuntos que figuren na orde do día e non se opoñan aos preceptos destes estatutos ou ás disposicións legais aplicables.

A Xunta Xeral, por proposta da Xunta Directiva, establecerá normas ou regulacións de carácter interno que desenvolvan os preceptos destes estatutos ou que regulen cuestións non previstas neles.

#### Artigo 17. *Formulación de proposicións.*

Nas xuntas xerais trataranse os asuntos que estean incluídos na orde do día.

Os colexiados e colexiadas poderán formular proposicións despois de cursadas as convocatorias.

Estas proposicións deberán presentarse na Secretaría do Colexio polo menos corenta e oito horas antes de que teña lugar a xunta xeral e deberán contar, cando menos, coa sinatura de cinco colexiados e colexiadas.

Unha vez admitidas as ditas proposicións, entenderanse incluídas na orde do día, de forma que se abrirá discusión sobre elas e se tomarán os acordos que correspondan.

#### Artigo 18. *Admisión de proposicións.*

Se, ao presentarse unha proposición, hai algún colexiado ou colexiada que se opoña a que poida ser debatida, poderá presentarse, mesmo «in voce», outra proposición de «non procede deliberar». Un só dos propoñentes expoñerá os motivos da súa oposición e concederáselle unha quenda de defensa da súa proposición a aquel que a formulou.

Someterase a votación en primeiro lugar esta segunda proposta e, só se é rexeitada, discutirase a outra e tomaranse acordos sobre ela.

#### Artigo 19. *Orde dos debates.*

Para a boa marcha dos debates, ao tratar cada asunto da orde do día, concederanse quendas de intervención aos que pidan o uso da palabra, ata un máximo de tres a favor e outras tres en contra, salvo que o presidente ou a presidenta acorde ampliar o número de quendas.

Os membros da Xunta Directiva que fagan uso da palabra en tal condición non consumirán quenda.

Artigo 20. *Intervención para rectificacións e alusións.*

Os que interviñeron no debate poderán facer uso da palabra para rectificaren cando se lles atribúan conceptos equivocados ou se supoña erroneamente a existencia de feitos que non tiveron lugar na forma en que se presentan.

Tamén poderán facer uso da palabra, mesmo sen teren consumido quenda, os aludidos persoalmente na discusión, para ampliaren ou rectificaren os feitos en que se supoña que interviñeron ou os conceptos que se lles atribúan.

Cando o aludido non se encuentre presente, poderá facer uso da palabra no seu nome, con igual obxecto, calquera outro colexiado ou colexiada que o solicite.

Artigo 21. *Acta.*

Dos acordos que se adopten nas xuntas xerais levantarase a correspondente acta, que será asinada polo presidente ou a presidenta e polo secretario ou a secretaria. A acta será sometida á aprobación da seguinte Xunta Xeral ou ben á aprobación de dous colexiados/colexiadas que actuarán en calidade de interventores de acta, especialmente designados pola Xunta Xeral entre os e as asistentes a ela.

*Sección 3.<sup>a</sup> Das xuntas xerais ordinarias*

Artigo 22. *Xunta xeral ordinaria.*

A Xunta Xeral celebrará unha reunión ordinaria no primeiro trimestre natural de cada ano e na súa orde do día constarán, polo menos, os seguintes asuntos:

- a) Lectura e, se for o caso, aprobación da memoria anual correspondente ao exercicio anterior, que será redactada polo secretario ou secretaria e aprobada pola Xunta Directiva antes da súa elevación á Xunta Xeral ordinaria.
- b) Rendición de contas formada polo contador ou a contadora e polo tesoureiro ou a tesoureira correspondente ao exercicio precedente, previamente aprobada pola Xunta Directiva.
- c) Orzamento de gastos e ingresos para o exercicio entrante, aprobado pola Xunta Directiva previamente á realización da xunta.
- d) Proposicións presentadas polos colexiados e colexiadas na forma prevista nos artigos precedentes.
- e) Elección de cargos vacantes na Xunta Directiva e daqueles que corresponda renovar por expiración do mandato.
- f) Rogos e preguntas.

Artigo 23. *Memoria anual.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, para cumprir co principio de transparencia da súa xestión, a Xunta Directiva elaborará unha memoria anual que conteña, polo menos, a información seguinte:

- a) Informe anual de xestión económica, incluídos os gastos de persoal suficientemente desagregados e as retribucións dos membros da Xunta Directiva, se as houber.
- b) Importe das cotas aplicables desagregadas por concepto e polo tipo de servizos prestados, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.
- c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e en fase de instrución ou que acadasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, se for o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

d) Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores e consumidoras, ou usuarios e usuarias, ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, se for o caso, sobre os motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

e) Os cambios no contido dos seus códigos de conduta, en caso de dispoñer deles.

f) As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros da Xunta Directiva.

2. A memoria anual será publicada a través da páxina web no primeiro semestre de cada ano.

#### *Sección 4.<sup>a</sup> Da Xunta Directiva do Colexio*

##### *Artigo 24. Composición.*

1. A Xunta Directiva do Colexio de Axentes da Propiedade Industrial estará integrada polos seguintes membros:

- a) Presidente ou presidenta.
- b) Vicepresidente ou vicepresidenta.
- c) Secretario ou secretaria.
- d) Contador ou contadora.
- e) Tesoureiro ou tesoureira.
- f) Catro vogalías.

g) Unha vogalía por cada unha das comunidades autónomas que contén con 25 ou máis colexiados e colexiadas domiciliados profesionalmente nela, con excepción daquelas comunidades autónomas que teñan xa na Xunta cinco ou máis membros. A dita vogalía será elixida por votación dos colexiados e colexiadas en exercicio con domicilio profesional no territorio da referida comunidade autónoma.

2. A pertenza á Xunta Directiva non comportará ningunha retribución económica.

##### *Artigo 25. Réxime de substitucións.*

Nos casos de enfermidade, ausencia ou calquera outra causa temporal, o presidente ou a presidenta será substituído polo vicepresidente ou a vicepresidenta, e este polo contador ou a contadora, e substituiranse por igual orde o secretario ou a secretaria, o tesoureiro ou a tesoureira e as vogalías, estes con preferencia dos de maior antigüidade no exercicio profesional.

##### *Artigo 26. Das funcións da Xunta Directiva.*

A Xunta Directiva exercerá, en todo caso, a representación xudicial e extraxudicial do Colexio, con facultades para delegar e apoderar, e asumirá a dirección e administración do Colexio para o cumprimento dos seus fins en todo aquilo que, de maneira expresa, non corresponda á Xunta Xeral, sen prexuízo do obrigado acatamento aos acordos desta última. A Xunta Directiva deberá reunirse coa periodicidade mínima que se determine nas regras de réxime interior do capítulo X destes estatutos.

De maneira especial, corresponde, ademais, á Xunta Directiva:

- a) Manter comunicación cos organismos oficiais.
- b) Exercer a potestade disciplinaria.
- c) Estudar e presentar á Xunta Xeral todos os proxectos que crea convenientes para o desenvolvemento da propiedade industrial e mellora na profesión dos axentes.
- d) Resolver as consultas oficiais que lle dirixan e dirimir as cuestións ou diferenzas que se susciten entre os colexiados ou colexiadas, ou entre estes e os particulares comitentes.

- e) Adoptar coa urxencia que, se for o caso, sexa necesaria as medidas que soliciten os Colexiados e as Colexiadas nas súas relacións cos organismos oficiais, referentes ao exercicio da profesión, logo de comprobar a exactitude e o fundamento da pretensión.
- f) Aprobar a memoria anual que redacte o secretario ou a secretaria e as contas trimestrais e a conta anual que formulen o contador ou a contadora e o tesoureiro ou a tesoureira, e aprobar o orzamento anual. Todos estes documentos terán que ser elevados a coñecemento e aprobación da Xunta Xeral.
- g) Cumprir e facer cumprir os acordos da Xunta Xeral, os preceptos destes estatutos, incluídas as súas regras de organización e funcionamento (capítulo X) e o seu código de conduta (capítulo XI), e as disposicións emanadas do poder público, en calquera materia, en especial de propiedade industrial, en canto afecten o Colexio ou a profesión de axente, velando polo mellor desenvolvemento dela.
- h) Adoptar as medidas conducentes á evitación da intrusión profesional e exercer as accións pertinentes fronte a quen de calquera forma incorra en tal conduta.
- i) Reunir a Xunta Xeral cando o preceptúan estes estatutos e convocala, ademais, cando o considere necesario ou cando o propoñan validamente os Colexiados e Colexiadas.
- j) Organizar o funcionamento e os servizos do Colexio e nomear o persoal que os deba desempeñar.
- k) Propoñerlle á Xunta Xeral as cotas ordinarias e de inscrición que deban satisfacer os Colexiados e Colexiadas para o sostemento económico das cargas e dos servizos Colexiais.
- l) Propoñerlle á Xunta Xeral o establecemento de cotas extraordinarias aos seus Colexiados e Colexiadas.
- m) Informar os Colexiados e Colexiadas, os consumidores e consumidoras, e os usuarios e usuarias dos seus servizos de cantas cuestións coñeza que os poidan afectar e que sexan de índole Colexial.
- n) Promover do Goberno e das autoridades canto se considere beneficioso para os Colexiados e Colexiadas e para os usuarios e usuarias, e/ou consumidores e consumidoras dos seus servizos.

#### *Sección 5.<sup>a</sup> Das atribucións dos cargos da Xunta Directiva*

#### *Artigo 27. Funcións do presidente ou presidenta.*

Corresponde ao presidente ou presidenta:

- a) Exercer a representación do Colexio e da Xunta Directiva en todos os actos a que o Colexio teña que acudir con carácter oficial e nos asuntos xudiciais e contencioso-administrativos.
- b) Convocar e presidir as xuntas xerais, ordinarias e extraordinarias, e a Xunta Directiva, e dirixir as deliberacións e o debate nelas.
- c) Asinar toda clase de documentos públicos ou privados, xudiciais, mercantís ou administrativos, referentes a calquera acto ou contrato da clase que sexa, no exercicio da plena representación do Colexio.
- d) Ordenar, se for o caso, os pagamentos que se deban facer con fondos do Colexio, conforme as previsións orzamentarias.
- e) Estar en constante relación co ministerio do ramo, coa Oficina Española de Patentes e Marcas e con calquera outro organismo nacional ou internacional para todo o que lle interese ao Colexio ou á profesión de axentes da propiedade industrial.
- f) Autorizar, co secretario ou a secretaria, os documentos emanados da Xunta Directiva e os acordos da Xunta Xeral, asinando as actas.
- g) Reunir a Xunta Directiva en sesión extraordinaria, cando o considere necesario.
- h) Dirimir con voto de calidade os casos de empate nas votacións das xuntas xerais ordinarias e extraordinarias e nas da Xunta Directiva, sen prexuízo do establecido no último parágrafo do artigo 37.

i) Encargar funcións específicas aos membros da Xunta Directiva e solicitar os asesoramentos externos que se consideren convenientes, logo da aprobación da Xunta Directiva.

Artigo 28. *Funcións do vicepresidente ou vicepresidenta.*

Corresponde ao vicepresidente ou vicepresidenta exercer as funcións que lle fosen delegadas polo presidente ou presidenta e substituílo/a en casos de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa temporal.

Artigo 29. *Funcións do contador ou contadora.*

Corresponde ao contador ou contadora:

- a) Controlar a contabilidade do Colexio e intervir todos os documentos de cobramento e pagamento correspondentes a el.
- b) Formular co tesoureiro ou tesoureira o orzamento e a conta xeral de gastos e ingresos de cada ano e sometelos á aprobación da Xunta Directiva para que esta os presente, co seu ditame, á Xunta Xeral.
- c) Render á Xunta Directiva as contas trimestrais de gastos e ingresos.

Artigo 30. *Funcións do tesoureiro ou tesoureira.*

Corresponde ao tesoureiro ou tesoureira:

- a) Custodiar, baixo a súa responsabilidade, os fondos do Colexio e os seus valores e facer os pagamentos ordenados polo presidente ou presidenta e intervidos polo contador ou contadora.
- b) Autorizar os recibos de cotas e ingresos e a correspondencia relacionada co seu cargo e conservar os documentos e libros de tesouraría.
- c) Coidar do cobramento dos recibos por conta dos colexiados e colexiadas e de todos os valores pertencentes a este colexio, e colaborar co contador ou contadora na rendición de contas á Xunta Directiva.

Artigo 31. *Funcións do secretario ou secretaria.*

Corresponde ao secretario ou secretaria:

- a) Expedir as actas das sesións da Xunta Directiva, que asinará o presidente ou a presidenta, e expedir e asinar as da Xunta Xeral, que autorizará co que as presidise.
- b) Desempeñar a dirección dos servizos e oficinas do Colexio.
- c) Subscribir a correspondencia de Secretaría.
- d) Facer as citacións para as sesións da Xunta Directiva e as reunións da Xunta Xeral, logo de sinalamento, polo presidente ou presidenta, dunha orde do día sobre os asuntos que se van tratar, e comunicar os acordos de ambas as xuntas cando sexa procedente.
- e) Conservar a correspondencia, os libros e os documentos de Secretaría.
- f) Redactar anualmente unha memoria expresiva dos traballos feitos polo Colexio, a cal se someterá á Xunta Directiva e, por esta, á Xunta Xeral ordinaria de cada ano.
- g) Levar un expediente persoal de cada colexiado e colexiada en que se anotarán os documentos, títulos e informes referentes ao interesado, e manter actualizado o directorio de axentes colexiados e colexiadas.

#### *Sección 6.<sup>a</sup> Da elección dos cargos colexiais*

Artigo 32. *Requisitos xerais.*

Todos os colexiados e colexiadas que estean ao día nas súas obrigacións colexiais serán os e as electores.

Serán elixibles para o desempeño de calquera cargo colexial aqueles que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar no exercicio da profesión de axentes da propiedade industrial, incorporado ao Colexio cun ano de antelación, polo menos, á data da celebración das eleccións.
- b) Non ter sido sancionado por incumprimento dos deberes colexiais ou profesionais, a menos que a sanción fose cumprida.

Artigo 33. *Duración dos cargos. Reelección.*

1. O desempeño dos cargos de presidente ou presidenta e demais membros da Xunta terá unha duración de dous anos.
2. Ninguén poderá ser reelixido máis de dúas veces, de forma sucesiva, para o desempeño do mesmo cargo da Directiva.
3. Deberán transcorrer, polo menos, dous anos para que, quen tivese desempeñado cargos directivos durante tres mandatos consecutivos, se poida presentar novamente á elección para o mesmo cargo.

Artigo 34. *Convocatoria electoral.*

As eleccións para os cargos da Xunta Directiva verifícanse en xunta xeral ordinaria que terá lugar no primeiro trimestre de cada ano.

Na convocatoria faranse constar as vacantes que se deben cubrir, calquera que sexa a súa orixe.

A elección de cargos farase en dúas quendas alternativas. Na primeira quenda, que corresponderá aos anos impares, elixíranse o presidente ou a presidenta, o contador ou a contadora e as vogalías segunda e cuarta, e, na segunda quenda, que corresponderá aos anos pares, elixíranse o vicepresidente ou a vicepresidenta, o secretario ou a secretaria, o tesoureiro ou a tesoureira e as vogalías primeira e terceira. Elixíranse tamén, en ambos os casos, as vacantes producidas por calquera outra causa ata o momento da convocatoria.

As vogalías de elección no ámbito das comunidades autónomas elixíranse tamén por dous anos, contados desde a súa elección, e poderán ser reelixidas nas mesmas condicións que os restantes directivos.

Artigo 35. *Candidaturas.*

As candidaturas para os cargos sometidos a elección deberán especificar os datos do candidato ou candidata, o cumprimento dos requisitos para ser elixible e o cargo a que opta o candidato ou candidata.

Artigo 36. *Procedemento electoral.*

1. A Xunta Directiva, polo menos cun mes de antelación á realización da xunta xeral ordinaria en cuxo seo se deba producir a elección, deberá anunciar os cargos vacantes que se van cubrir mediante comunicación a todos os colexiados e colexiadas ao seu enderezo profesional.

Desde o día da convocatoria, estarán á disposición dos electores e electoras as listaxes que inclúan todos aqueles que teñan dereito de voto. As reclamacións que, se for o caso, se produzan, deberán resolverse no prazo de cinco días.

Na convocatoria estableceranse as normas para a emisión do voto por correo.

2. Polo menos quince días antes da data sinalada para a realización da xunta xeral en que teñan que celebrarse as eleccións, deberán presentarse as candidaturas, mediante escrito asinado polo candidato ou candidata no cal especifíque o cargo a que se presenta e o cumprimento dos requisitos exixibles.

3. Dentro dos dous días hábiles seguintes ao da finalización do prazo de presentación das candidaturas, a Xunta Directiva proclamará os candidatos ou candidatas que cumpran



os requisitos establecidos e, se for o caso, conferirá un prazo de dous días hábiles para as emendas pertinentes.

4. Comunicaráselles a todos os colexiados e colexiadas a proclamación de candidato ou candidata con, polo menos, dez días de antelación ao da celebración das eleccións.

5. No día da celebración da elección, e chegado o momento de proceder a ela, no seo da xunta xeral ordinaria habilitaranse as urnas pertinentes para que os asistentes procedan a emitir o seu voto. Presidirá o acto electoral a Xunta Directiva, con excepción dos seus membros que sexan candidatos ou candidatas. Poderán formar parte da mesa os interventores que designasen os candidatos ou candidatas.

6. A votación secreta efectuarase mediante papeletas facilitadas polo Colexio, nas cales deberán constar o nome do candidato ou candidata votado/a xunto co cargo para o cal é votado/a.

**Artigo 37. *Escrutinio, proclamación do resultado das votacións e toma de posesión dos elixidos.***

Unha vez finalizada a votación, procederase ao escrutinio, que será público. O escrutinio poderá realizarse tamén por sistemas electrónicos.

Seguidamente, procederase ao escrutinio dos votos emitidos por correo.

Os candidatos ou candidatas poderán designar interventores, ben para o escrutinio, ben para o conxunto do acto electoral.

Unha vez finalizado o recuento de votos, proclamarase o resultado e tomarán posesión inmediata os candidatos ou candidatas que fosen elixidos, que serán os que obteñan o maior número de votos de entre os emitidos para cada cargo.

En caso de empate, resultará elixido o de maior tempo de exercicio profesional.

## CAPÍTULO V

### **Do réxime económico do Colexio**

**Artigo 38. *Recursos económicos.***

Constitúen os fondos ou ingresos do Colexio:

a) A cota de inscrición, a cota ordinaria e as cotas extraordinarias dos axentes colexiados e colexiadas, na contía e nos termos que sexan acordados pola Xunta Xeral por proposta da Xunta Directiva.

b) Os rendementos, de calquera natureza, que produzan as actividades, alleas ou directas, que integren o patrimonio do Colexio, así como os rendementos dos fondos depositados nas súas contas.

c) As doazóns e subvencións que se concedan ao Colexio.

**Artigo 39. *Cotas.***

a) Cota de inscrición. Para ingresar no Colexio debe satisfacerse unha cota de inscrición cuxo importe non poderá superar en ningún caso os gastos asociados á tramitación da inscrición. O pagamento farase no momento de solicitar a inscrición.

b) Cota ordinaria anual, consistente nunha cota fixa de idéntica contía para todos os colexiados e colexiadas, cuxo pagamento se poderá acordar que se faga en varios prazos.

c) As cotas extraordinarias consistirán nunha cota cuxa contía e periodicidade corresponde aprobar á Xunta Xeral conforme o artigo 11.2.e), por proposta da Directiva en virtude do disposto no artigo 26.l).

d) O importe das cotas será fixado pola Xunta Xeral por proposta da Xunta Directiva e cada pagamento farase efectivo nos trinta días seguintes ao da data da súa posta ao cobramento, que será anunciada con suficiente antelación, agás a cota de inscrición, que se fará efectiva no momento de solicitar a inscrición.

## CAPÍTULO VI

**Da publicidade**

Artigo 40. *Licitude da publicidade.*

Todos os Colexiados e Colexiadas teñen dereito a facer publicidade sempre que non contraveñan con iso a normativa legal establecida sobre publicidade e sobre competencia desleal.

## CAPÍTULO VII

**Dos honorarios**

Artigo 41. *Fixación libre dos honorarios.*

Os Colexiados e as Colexiadas poderán establecer libremente as súas tarifas de honorarios, de acordo coa normativa sobre libre competencia e competencia desleal.

Artigo 42. *Informes sobre honorarios.*

Por petición dunha autoridade xudicial ou administrativa competente, o Colexio poderá elaborar informes non vinculantes sobre taxación de honorarios, conforme criterios equitativos e observando as circunstancias de cada caso.

## CAPÍTULO VIII

**Do réxime disciplinario**

Artigo 43. *Da responsabilidade disciplinaria.*

Os axentes da propiedade industrial Colexiados e Colexiadas están suxeitos a responsabilidade disciplinaria no caso de infracción dos seus deberes e obrigacións Colexiais.

Artigo 44. *Do órgano competente para exixila. Recursos.*

A Xunta Directiva é o órgano competente para o exercicio da potestade disciplinaria, sen prexuízo da que poida corresponder á Administración competente en materia de propiedade industrial. No exercicio desta potestade sempre se observarán os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Artigo 45. *Bases do procedemento disciplinario.*

A responsabilidade disciplinaria, así como a imposición de sancións, exixirase, en todo caso, logo da formación de expediente, que se deberá seguir polos trámites establecidos na lexislación xeral administrativa naquilo que ten de aplicación, e sempre con aplicación do principio de audiencia e das garantías de defensa do expedientado.

Artigo 46. *Das sancións.*

1. As sancións que se poden impoñer son as seguintes:

- a) Sancións leves: (1) amoestación privada, (2) apercibimento por escrito.
- b) Sancións graves: suspensión da condición de Colexiado e Colexiada de dous a seis meses.
- c) Sancións moi graves: (1) suspensión por dous anos da condición de Colexiado e Colexiada, (2) expulsión do Colexio.

2. As infraccións que poden comportar sanción disciplinaria clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 47. *Faltas disciplinarias moi graves.*

Son faltas moi graves:

a) A infracción moi grave das disposicións dos presentes estatutos, incluídas as súas regras de organización e funcionamento e o seu código de conduta, e os acordos colexiais legalmente adoptados.

b) A ocultación intencionada de causas de incompatibilidade ou incapacidade para o exercicio da profesión de axente da propiedade industrial, na forma e extensión en que estas causas están previstas na lexislación aplicable, en especial na Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes, ou, na súa falta, na norma que a substitúa.

c) Incumprimento do deber de segredo profesional e confidencialidade previsto na lexislación aplicable, en especial na Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes, ou, na súa falta, na norma que a substitúa.

d) A omisión grave da debida dilixencia no desenvolvemento das funcións profesionais. A dilixencia exixida ao axente colexiado e colexiada é a derivada da «lex artis ad hoc», a cal é, en todo caso, superior á do bo pai de familia.

e) O quebrantamento grave dos deberes de fidelidade e lealdade no exercicio da profesión. Para os efectos interpretativos oportunos, terase en consideración o disposto na Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, e en calquera outra norma que regule a libre e leal concorrencia no mercado.

f) Representar intereses en conflito sen consentimento dos interesados e interesadas e con danos graves deles.

g) A condena firme pola comisión de delitos dolosos no exercicio da profesión, así como os actos e as omisións que constitúan ofensa grave á dignidade da profesión.

h) A comisión dunha infracción grave logo de ter sido sancionado pola comisión doutras dúas do mesmo carácter nos cinco anos inmediatamente precedentes á dita comisión.

i) Encubrir ou facilitar a intrusión profesional. Para os efectos interpretativos oportunos, terase en conta a definición tipificada no Código penal de intrusión profesional, sen que sexa preciso que tal conduta fose sancionada xudicial ou administrativamente.

j) Enganar un cliente deliberadamente e con coñecemento, e causar un dano ou poñer en risco os seus dereitos e intereses.

k) Desatender de forma consciente e deliberada as obrigacións contraídas con calquera cliente, incumprindo estas de forma dolosa, e causar con iso un dano ao cliente ou un risco para os seus dereitos e intereses.

Artigo 48. *Faltas disciplinarias graves.*

Son faltas graves:

a) A publicidade ilícita e os actos de competencia desleal cando fosen declarados en resolución firme polo órgano competente. Para os efectos interpretativos oportunos, atenderase ao disposto na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e na Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal, ou normas equivalentes que substitúan ou complementen estas, actualmente ou no futuro.

b) O incumprimento de normas e acordos colexiais que non revista a condición de falta moi grave.

c) A realización de actos que quebranten a ética ou a dignidade profesional, o respecto debido aos dereitos dos particulares ou os límites da protección dos dereitos establecidos na lexislación de protección aos consumidores e consumidoras, e usuarios e usuarias.

d) A realización de condutas descritas no artigo 47 cando non revistan a transcendencia suficiente para seren cualificadas como faltas moi graves.

- e) O incumprimento da obrigaón de atender integramente ás cotas colexiais durante un ano natural.
- f) Proferir calquera tipo de ofensa grave ou inxuriosa que atente contra a honra ou a reputación persoal ou profesional de calquera outro axente colexiado e colexiada.
- g) Prestar, directa ou indirectamente, servizos profesionais que sexan contrarios ao ordenamento xurídico vixente, e causar un grave dano nos consumidores e consumidoras, no interese público ou no interese colectivo dos demais axentes.

Artigo 49. *Faltas disciplinarias leves.*

Son faltas leves:

- a) As condutas que contraveñan os deberes impostos nestes estatutos ou en calquera outra norma legal ou regulamentaria, que non teñan alcance suficiente para seren cualificadas como faltas graves.
- b) As desatencións e desconsideracións con outros axentes da propiedade industrial, entre outras, dirixir ofensas que atenten contra a honra ou danen a reputación persoal ou profesional doutro axente ou da súa sociedade profesional, proferir falsidades conscientemente sobre outro axente, o seu traballo ou a súa sociedade profesional.
- c) As incorreccións de escasa transcendencia na realización dos traballos profesionais.
- d) O uso inapropiado dos bens mobles ou inmobles do Colexio.
- e) O incumprimento culposo e sen intencionalidade, por parte de calquera membro da Xunta Directiva, das obrigaóns que concirnen ao cargo.

Artigo 50. *Rexistro e cancelación de sancións.*

As sancións que se impoñan faranse constar no expediente persoal do colexiado e colexiada e estas anotacións serán canceladas polo procedemento e prazos establecidos no procedemento sancionador administrativo.

A decisión que se adopte en relación con calquera posible queixa disciplinaria contra un colexiado e unha colexiada poderá impugnarse ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo de prescrición das faltas disciplinarias leves será dun ano, o das faltas graves dous anos e o das faltas moi graves tres anos. Este prazo empezará a computarse unha vez que cesase a conduta obxecto de posible infracción.

Artigo 51. *Competencia disciplinaria en canto a membros da Xunta Directiva.*

A competencia para o exercicio da potestade disciplinaria, no caso de que o expediente se refira a membros da Xunta Directiva, poderá ser delegada por esta nunha comisión designada de entre os seus membros, de número impar, que estará presidida polo máis antigo dos compoñentes da dita comisión.

## CAPÍTULO IX

### Da modificación de estatutos

Artigo 52. *Procedemento para a modificación de estatutos.*

A modificación dos estatutos realizarase conforme o establecido na lexislación xeral dos colexios profesionais.

## CAPÍTULO X

### Regas de organización e funcionamento

#### Artigo 53. *Da Xunta Xeral.*

1. Orde do día. A Xunta Directiva terá a facultade de incluír na orde do día das xuntas xerais extraordinarias convocadas por petición escrita de, polo menos, a cuarta parte dos colexiados e colexiadas todas aquelas cuestións que considere de interese para os colexiados e colexiadas, logo de notificación a todos os colexiados e colexiadas, segundo o previsto no artigo 14 destes estatutos.

2. Das votacións nas xuntas xerais. As votacións realizaranse á man alzada. Non obstante, o presidente ou a presidenta poderá acordar a votación secreta, mediante papeletas, para un, varios ou todos os asuntos incluídos na orde do día. Este sistema de votación será obrigatorio se o solicita, polo menos, un dez por cento dos asistentes á Xunta.

#### Artigo 54. *Da Xunta Directiva.*

1. Frecuencia das reunións da Xunta Directiva. A Xunta Directiva reunirse, polo menos, unha vez cada dous meses. O presidente ou a presidenta poderá convocala cando o considere oportuno e en todo caso cando o soliciten, polo menos, tres dos seus membros.

2. Convocatoria das reunións e orde do día. As reunións da Xunta Directiva convocaranse mediante a adecuada comunicación, con polo menos tres días de antelación ao da data da súa realización, e incluírán na orde do día os asuntos que se van tratar.

Se un membro da Xunta Directiva desexa a inclusión dalgún punto na orde do día, deberá comunicalo ao presidente ou presidenta coa suficiente antelación para que poida ser comunicada aos demais membros da Xunta Directiva.

3. Constitución e adopción de acordos. A Xunta Directiva quedará validamente constituída cando asistan, polo menos, seis dos seus membros, e os acordos adoptaranse por maioría simple dos e das asistentes á reunión.

4. Realización das reunións. Nas reunións da Xunta Directiva, o presidente ou a presidenta dispoñerá o necesario para que se traten os puntos da orde do día coa máxima concreción e dilixencia. O presidente ou a presidenta terá a facultade de decidir cando un asunto está suficientemente debatido para ser sometido a votación.

5. Segredo das deliberacións. Os membros da Xunta Directiva gardarán confidencialidade sobre as deliberacións. Os intervinientes poderán solicitar a constancia en acta das súas intervencións. O presidente ou a presidenta poderá exixir que se achegue o texto escrito no acto ou no prazo que sinale e farase constar así na acta ou unirse a ela.

Non obstante o anterior, a Xunta Directiva dará publicidade ás resolucións adoptadas que sexan de interese xeral e informará por medio de circulares, que se enviarán a todos os colexiados e colexiadas a través da súa páxina web, na zona de acceso exclusivo para colexiados e colexiadas.

6. Acta de reunión. De cada sesión que realice a Xunta Directiva levantará a acta o secretario ou a secretaria, que especificará necesariamente os e as asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo da súa realización, as intervencións cuxa constancia se solicitase, de conformidade co disposto no punto anterior, o resultado da votación e o contido dos acordos adoptados.

7. Das comisións. A Xunta Directiva poderá crear as comisións de traballo e estudo que considere oportunas, pero sen que teñan facultades decisorias.

8. Da delegación de sinatura. A Xunta Directiva poderá acordar a delegación de sinatura do presidente ou presidenta e do secretario ou secretaria, exclusivamente para as cuestións de mero trámite.

9. Dos servizos de garda e das suplencias. Durante o mes de agosto, un membro da Xunta Directiva quedará encargado de facer fronte aos problemas urxentes que se

presenten. A designación efectuarase na reunión da Xunta Directiva anterior ao mes de agosto. Cando o presidente ou a presidenta, vicepresidente ou vicepresidenta, secretario ou secretaria, tesoureiro ou tesoureira, ou contador ou contadora se vaian ausentar por un período superior a quince días, deberán comunicalo con antelación suficiente á Xunta Directiva para os efectos da substitución disposta no artigo 25 dos estatutos.

#### Artigo 55. *Das cotas colexiais.*

1. Os colexiados e colexiadas contribuirán ao sostemento das cargas colexiais mediante o pagamento da cota de inscrición, da cota ordinaria e das cotas extraordinarias que se aproben.

2. A cota de inscrición deberá ser aboada mediante un pagamento único no acto de presentación da solicitude de incorporación. Corresponde á Xunta Xeral, por proposta da Xunta Directiva, conforme dispón o artigo 26.k), fixar o seu importe.

3. A cota ordinaria consistirá nunha cota fixa anual, de idéntica contía para todos os colexiados e colexiadas, que será determinada pola Xunta Xeral, por proposta da Xunta Directiva, conforme dispón o artigo 26.k). Para os novos colexiados e colexiadas de recente incorporación, poderá aprobarse unha bonificación desta cota nos dous ou tres primeiros anos. A Xunta Directiva poderá acordar que o pagamento da cota ordinaria se faga en varios prazos. Os pagamentos deberán facerse dentro dos 30 días seguintes desde que se pase ao cobramento, nas datas que serán anunciadas con antelación suficiente.

4. As cotas extraordinarias consistirán nunha cota cuxa contía e periodicidade corresponde aprobar á Xunta Xeral, por proposta da Xunta Directiva, conforme o artigo 26.l).

#### Artigo 56. *Das altas, baixas e rexistro de colexiados e colexiadas.*

1. Das altas. Para a incorporación ao Colexio Oficial de Axentes da Propiedade Industrial, deberá acreditarse:

a) Estar rexistrado no Rexistro Especial de Axentes da Propiedade Industrial, de acordo co establecido no artigo 179.3 da Lei 24/2015, do 24 de xullo, de patentes.

b) Satisfacer a cota de inscrición prevista nestes estatutos, así como a cota ordinaria correspondente ao ano en curso.

A solicitude de incorporación deberá ser resolta na próxima reunión da Xunta Directiva que teña lugar e, en todo caso, nun prazo máximo de sesenta (60) días, sempre que o candidato ou candidata acreditase antes que figura inscrito no Rexistro Especial de Axentes da Propiedade Industrial. En caso de non acreditar este requisito ou no caso de ter sido denegada de forma definitiva a súa inscrición, a petición de incorporación ao Colexio resultará denegada e, nese caso, reintegrarase a cota de inscrición que aboase. Aquela solicitude non resolta no prazo indicado pero que cumpra cos requisitos exixidos nestes estatutos e nas normas legais que resulten de aplicación considerárase aceptada e concedida por silencio administrativo positivo.

2. Das baixas. A baixa no Colexio producírase polas causas establecidas no artigo 4 dos estatutos. Salvo no suposto previsto na alínea a) do dito artigo, a baixa comunicárase ao Rexistro Especial da Oficina Española de Patentes e Marcas para os efectos oportunos.

3. Do rexistro de colexiados e colexiadas. O secretario ou a secretaria abrirá un expediente para cada colexiado ou colexiada en que se reflectirán todas as incidencias da súa vida colexial, así como a súa antigüidade e domicilio. Publicarase un directorio co nome, domicilio, teléfono, fax e correo electrónico de cada membro do COAPI. No caso de exercicio profesional a través de formas societarias, deberá indicarse o nome da sociedade a que pertence.

A Secretaría do COAPI deberá dispoñer dos medios que lle permitan obter con rapidez unha lista de colexiados e colexiadas establecida por estrita orde de antigüidade, para resolver dúbidas en casos de substitución, empate en eleccións ou similares.

4. Certificacións. O secretario ou a secretaria terá a facultade de emitir certificacións sobre a colexiación de calquera membro do Colexio, por petición deste ou de calquera persoa interesada. A solicitude de certificación deberá efectuarse por escrito e indicarse o seu destino nos casos en que non a solicite o propio interesado.

O secretario ou a secretaria poderá confeccionar formularios de solicitude e de certificación, para a simplificación do trámite, sempre que estes formularios sexan aprobados pola Xunta Directiva. O prazo de emisión dunha certificación de colexiación non debe exceder unha semana nos casos en que non exista ningunha dúbida sobre tal colexiación. O secretario ou a secretaria terá a facultade de certificar tamén sobre calquera cuestión que afecte o Colexio ou os seus colexiados e colexiadas, por petición destes ou de persoa interesada, sempre que o seu contido competa estritamente ás súas atribucións. O solicitante deberá especificar claramente a cuestión que se vai certificar e os motivos polos cales se solicita. A certificación emitida levará a sinatura do secretario ou secretaria co visto e prace das vogalías ou do presidente ou presidenta.

#### Artigo 57. *Dos informes colexiais.*

1. O Colexio poderá emitir informes sobre asuntos relacionados coa actuación profesional a nivel nacional ou internacional, así como sobre a elaboración ou modificación de normas e disposicións que sexan de interese para a profesión.

2. O acordo de emitir un informe adoptarao a Xunta Directiva, que designará ao propio tempo a persoa ou persoas responsables de preparalo, sinalará o prazo para a súa execución e, se o desexa, poderá solicitar a colaboración de colexiados e colexiadas que non forman parte da Xunta Directiva.

3. Unha vez finalizado o informe, será sometido á aprobación da Xunta Directiva por maioría simple. En caso de urxencia, o presidente ou a presidenta poderá someter a aprobación do informe por medios telemáticos.

#### Artigo 58. *Dos peritos e peritas xudiciais.*

A Xunta Directiva elaborará regularmente unha lista de colexiados e colexiadas con disposición para actuar como peritos e peritas en procedementos xudiciais. A dita lista será revisada na reunión do mes de decembro para a súa remisión aos xulgados o mes de xaneiro, de conformidade co disposto na Lei de axuízamento civil. Para ser incluído/a na dita lista, o colexiado e colexiada que o desexe deberá dirixir a solicitude correspondente á Secretaría do Colexio.

## CAPÍTULO XI

### Código de conduta

#### Artigo 59. *Disposicións xerais.*

1. Este capítulo desenvolve os principios xerais de conduta profesional recollidos no artigo 8 destes estatutos.

2. A función propia esencial da profesión é aconsellar, asistir ou representar terceiros para a obtención de rexistros nas diversas modalidades da propiedade industrial e a defensa dos dereitos derivados deles, servindo aos intereses dos clientes con independencia e imparcialidade, de acordo coa ética e dignidade profesionais, e preservando a necesaria confianza na profesión.

3. Todo colexiado e colexiada estará obrigado a non divulgar información aceptada por el a título confidencial no exercicio da súa profesión, a menos que fose dispensado desta obriga de forma expresa polo seu cliente ou cando a información deixase de ser confidencial por motivos non imputables ao colexiado e colexiada.

4. Todo colexiado e colexiada deberá tomar as medidas oportunas para que os intereses dos seus clientes queden salvagardados no caso de encontrarse impedido para o exercicio das súas funcións.

5. Para preservar o prestixio da profesión, é necesario que se manteñan boas relacións de confraternidade entre os colexiados/as colexiadas, con independencia do seu sentir persoal.

6. Calquera tipo de competencia entre os colexiados ou as colexiadas debe ser leal.

7. Todos os colexiados e colexiadas deben coñecer este código e ningún poderá alegar que o ignora.

8. Quen cometa unha infracción deste código non poderá xustificala facendo referencia ás instrucións dun cliente.

9. Os colexiados e as colexiadas son responsables da pronta liquidación das súas obrigacións financeiras, especialmente respecto aos seus colegas nacionais e estranxeiros, e será incompatible con este código demorar os pagamentos aos colegas nacionais e estranxeiros por mor de atrasos nos pagamentos por parte dos clientes.

10. Os colexiados e colexiadas poderán exercer a súa actividade individualmente ou a través de persoas xurídicas validamente constituídas de conformidade coa lexislación dun Estado membro da Unión Europea e cuxa sede social ou centro de actividade principal se encontre en territorio comunitario. Todo axente colexiado e colexiada que exerza a súa actividade a través dunha persoa xurídica deberá informar diso puntualmente o Colexio e velar por que esta respecte, no curso normal das súas actividades, as normas de conduta deste capítulo e o resto de normas destes estatutos que, «mutatis mutandi», resulten de aplicación.

#### Artigo 60. *Da publicidade.*

1. De conformidade co disposto no artigo 40 destes estatutos, os colexiados e colexiadas teñen dereito a facer publicidade, sempre que non contraveñan a vixente normativa reguladora da publicidade e da competencia desleal, respecten o segredo profesional e non quebranten a ética e a dignidade profesionais.

2. A realización de publicidade ilícita e de actos de competencia desleal poderá ser obxecto de sanción disciplinaria. Na súa publicidade, os axentes da propiedade industrial non poderán facer mención da identidade dos seus clientes sen o seu permiso expreso e escrito.

3. Tampouco poderán facer ofertas de compra, venda ou negociación de dereitos de propiedade industrial, salvo seguindo instrucións dun cliente.

#### Artigo 61. *Relacións co público.*

1. Cada un dos colexiados e das colexiadas deberá manter o prestixio do Colexio, dos seus membros e do exercicio da profesión ante as oficinas nacionais e internacionais ante as cales actúe en representación dos seus clientes.

2. Ningún colexiado nin colexiada deberá facer aparecer nas súas oficinas, no seu papel ou no seu material impreso en xeral indicacións que poidan inducir o público a erro.

3. Ningún colexiado nin colexiada deberá dar comisións a terceiros pola achega de traballo, ben que esta cláusula non se estende á adquisición parcial ou total da clientela doutra axencia de propiedade industrial.

4. Ningún colexiado nin colexiada deberá permitir aos seus colaboradores que realicen no seu nome, sen control adecuado, actividades profesionais relacionadas coa Oficina Española de Patentes e Marcas ou con oficinas internacionais ante as cales actúe.

5. Dentro do ámbito do exercicio da profesión, todo colexiado e colexiada é responsable dos actos dos seus colaboradores non colexiado ou non colexiada.

#### Artigo 62. *Relacións cos clientes e clientas.*

1. Todo colexiado e colexiada deberá, en calquera momento, consagrar a atención e o celo adecuados aos traballos que lle confíen os seus clientes, desenvolvéndoos coa debida competencia profesional, e manter os seus clientes informados sobre a situación dos seus expedientes.



2. En principio, os Colexiados e as Colexiadas non están obrigados a atender aos intereses dun cliente en cuestións non relacionadas co traballo profesional que lles encomendase o dito cliente.

3. Os Colexiados e as Colexiadas teñen dereito a pedir provisión de fondos aos seus clientes.

4. Todo Colexiado e Colexiada rexeitará ou cesará a prestación dos seus servizos se a súa aceptación ou continuación lle exige ocuparse dun determinado asunto no cal representase ou asesorase outro cliente ou clienta con intereses enfrontados e o conflito non quedase resolto. Igualmente, declinará as encargas que entren en conflito cos seus propios intereses.

5. En todos os casos afectados polo disposto no punto anterior, se a execución da encarga non se pode diferir sen dano eventual para o cliente ou a clienta, o Colexiado e a Colexiada debe aceptalo, pero realizará unicamente os trámites que sexan necesarios de inmediato para evitar o dano eventual en cuestión e, acto seguido, apartarase do expediente.

6. Todo Colexiado e Colexiada que non estea disposto a aceptar unha encarga de servizos profesionais ou que cese na prestación de tales servizos informará inmediatamente o seu cliente. Neste último caso, tomará as medidas apropiadas para evitar prexuízos ao cliente.

7. Ningún Colexiado nin Colexiada deberá adquirir intereses financeiros nun dereito de propiedade industrial, en circunstancias susceptibles de orixinar un conflito entre as súas obrigacións profesionais e os seus propios intereses.

8. Todo Colexiado e Colexiada que cobre honorarios calculados en relación directa co resultado do servizo que preste deberá ter informado o seu cliente desta circunstancia de forma clara, completa e leal, e deberá obter previamente a súa aprobación expresa, preferentemente a través de follas de encarga ou orzamentos entregados previamente e aceptados polo cliente ou a clienta.

9. Ningún Colexiado nin Colexiada poderá realizar actuacións de impugnación relativas a un expediente en que estea a intervir ou interviñese con anterioridade, sexa directamente ou mediante a intervención doutro Colexiado e Colexiada do seu despacho, a non ser coa autorización, expresa e escrita, do titular do expediente concernido, ou a non ser que, polo tempo transcorrido ou por outras circunstancias obxectivas, non se poida poñer en risco o deber de segredo profesional ou non se poida crear unha situación de conflito de intereses.

#### Artigo 63. *Relacións con outros Colexiados e Colexiadas.*

1. Os Colexiados/as Colexiadas deben manter recíproca lealdade, respecto mutuo e relacións de compañeirismo, evitando comentarios descorteses ou ofensivos respecto doutros compañeiros, e evitarán exercer ou promover discriminación entre os Colexiados e as Colexiadas por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, identidade de xénero, orientación sexual, relixión, lingua, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. As discrepancias ou queixas respecto doutros compañeiros ou compañeiras deberán resolverse, preferentemente, de forma amigable ou mediante arbitraje doutro compañeiro ou compañeira do Colexio.

3. En caso de implicar estas normas de conduta, deberán respectarse as canles establecidas para o efecto.

4. Os Colexiados e as Colexiadas evitarán calquera tentativa directa ou indirecta de desviar cara a si clientela doutros Colexiados e Colexiadas mediante prácticas desleais ou que desprestixien a profesión ante a dita clientela. Considerarase, en particular, desleal:

a) A utilización de información da Oficina Española de Patentes e Marcas, antes de que se fixese pública polas canles legalmente previstas ou antes de que se notificase, polas canles legais previstas, ao interesado ou ao seu representante.

b) Opinar ou informar sobre un asunto que estea sendo tratado por outro compañeiro ou compañeira, denigrando a súa intervención. Para os efectos interpretativos oportunos,

non se considerará denigrante o mero feito de manifestar respectuosamente desconformidade profesional coa intervención ou servizo doutro compañeiro ou compañeira.

5. Cando un colexiado e unha colexiada reciba dun cliente instrucións para que se faga cargo dun expediente en trámite do cal xa se ocupa outro colexiado e colexiada, informará diso sen demora a aquel que se está ocupando do asunto, o cal estará obrigado a facilitarlle ao novo mandatario colexiado e colexiada, se este llo pide, toda a información sobre o expediente necesaria para a tramitación do asunto en cuestión sen que estea obrigado a facilitar o seu propio expediente na súa integridade.

6. Estas obrigacións aplicaranse igualmente aos casos de cambio de axente como consecuencia de cambio de titular nun expediente en trámite.

7. Cando un colexiado e unha colexiada reciba do seu cliente instrucións para negociar un arranxo amigable coa parte contraria e no expediente desta última implicada no conflito sexa parte outro colega, a negociación levarase a cabo a través deste último, salvo que existan razóns importantes que o impidan ou que aconsellen facela directamente coa dita parte contraria.

*Artigo 64. Relacións coa Oficina Española de Patentes e Marcas e oficinas internacionais relacionadas coa propiedade industrial.*

En todas as relacións coa Oficina Española de Patentes e Marcas, coas oficinas internacionais relacionadas coa propiedade industrial e cos seus empregados, os colexiados e as colexiadas deberán actuar de maneira cortés e facer canto sexa posible para que se manteña o prestixio do COAPI.

*Artigo 65. Relacións co COAPI.*

1. Ningún colexiado nin colexiada poderá facer en nome do COAPI ningunha declaración, oral ou escrita, calquera que sexa a súa índole, a non ser que estea autorizado/a para iso polos órganos competentes do Colexio.

2. Os colexiados e as colexiadas deberán atender ás comunicacións que lles dirixa o Colexio e, nos casos en que requiran resposta, deberán enviala no sentido que consideren conveniente.

3. Os colexiados e as colexiadas deberán comunicar ao Colexio, sen demora, os cambios do seu domicilio profesional, así como do seu número de teléfono, fax, enderezo de correo electrónico e calquera outra circunstancia necesaria para o correcto mantemento das comunicacións entre o Colexio e os colexiados e as colexiadas.

4. As infraccións deste código deben ser postas en coñecemento por escrito á Xunta Directiva.